



PROXECTO LINGÜÍSTICO

IES AGRA DE LEBORÍS

CURSOS

2019 - 2023

(Aprobado en Consello Escolar con data 12 de marzo de 2021)



INDICE

1. XUSTICACIÓN DO PROXECTO	3
2. MARCO NORMATIVO DE REFERENCIA	4
3. ANÁLISE DE NECESIDADES DO CENTRO	7
4. OBXECTIVOS DO PROXECTO	8
5. LIÑAS DE ACTUACIÓN XERAIS. REPARTO LINGÜÍSTICO DAS MATERIAS POR ETAPA E CURSO	9
6. LIÑAS DE ACTUACIÓNS ESPECÍFICAS. EQUIPO DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA	20
7. RECURSOS	21
8. AVALIACIÓN	22



1. XUSTICACIÓN DO PROXECTO

O IES Agra de Leborís conta cun proxecto lingüístico dende o curso 2014-2015, aprobado polo Consello Escolar o 29 de setembro de 2014, que precisa ser revisado e modificado, incluíndas as oportunas modificacións e adaptacións no presente curso escolar 2019-2020 e reflectido na Programación Xeral Anual. As modificacións que se introducen son derivadas da implantación da LOMCE, Lei Orgánica 8/2013 para as etapas da ESO e Bacharelato.

No presente curso escolar estanse a revisar distintos documentos, sendo necesario retomar este por necesidade do centro, cumprido un período de vixencia de catro anos. Este documento será obxecto de permanente revisión e cada curso escolar engadirase unha addenda anual que recollerá os cambios que se efectúen cada curso escolar e que se incluírá na Programación Xeral Anual.

Tómase como referencia principal o Decreto 79/2010, de 20 de maio, para o plurilingüismo na ensinanza non universitaria de Galicia. Neste decreto establécese o reparto das materias curriculares nas linguas oficiais segundo o establecido nos artigos 7 e 8. Todo este documento será elaborado por unha **comisión** do proxecto lingüístico, oída a Comisión de Coordinación Pedagóxica coa proposta do equipo directivo. Neste caso implica aos xefes dos departamentos didácticos do ámbito lingüístico: Lingua Galega e Literatura, Lingua Castelá e Literatura, Linguas Estranxeiras (Inglés e Francés) e Latín, e a coordinadora do Equipo de Dinamización da Lingua Galega.

2. MARCO NORMATIVO DE REFERENCIA

Na Lei Orgánica 2/2006, de 3 de mayo, de Educación, no ARTIGO 2 dos fins da educación establécese no apartado j) A capacitación para a comunicación na lingua oficial e cooficial, se a houbese, e nunha ou máis linguas estranxeiras.

No Decreto 79/2010, de 20 de maio, para o plurilingüismo na ensinanza non universitaria de Galicia. No Artigo 4º, Os principios a partir dos cales se elabora este decreto son os seguintes: 1. Garantía da adquisición dunha competencia en igualdade nas dúas linguas oficiais de Galicia. 2. Garantía do máximo equilibrio posible nas horas semanais e nas materias impartidas nas dúas linguas oficiais de Galicia, co obxectivo de asegurar a adquisición da competencia en igualdade nelas. 3. Adquisición dun coñecemento efectivo en lingua(s) estranxeira(s), nun marco xeral de promoción do plurilingüismo no sistema educativo de Galicia. 4. Participación e colaboración das familias nas decisións que atinxen ao sistema educativo co obxectivo de contribuír á consecución dos seus obxectivos. 5. Promoción da dinamización da lingua galega nos centros de ensino.

Neste decreto establécese o reparto das materias curriculares nas linguas oficiais segundo o establecido nos artigos 7 e 8:

No Artigo 7.-Educación secundaria obrigatoria.

1. Garantirase a adquisición da competencia lingüística propia da etapa e do nivel nas dúas linguas oficiais de Galicia.
2. As materias de lingua impartiranse na lingua de referencia.
3. Impartiranse en **galego** as materias de Ciencias Sociais, Xeografía e Historia, Ciencias da Natureza e Bioloxía e Xeoloxía, e en **castelán** as materias de Matemáticas, Tecnoloxías e Física e Química.
4. Cada centro educativo, segundo o procedemento establecido no regulamento de centros, decidirá a lingua en que se impartirá o resto de materias de cada curso, garantindo que as materias en galego e en castelán se distribúen na mesma porcentaxe



de horas semanais, sen prexuízo do disposto no capítulo IV (sobre a impartición de materias en linguas estranxeiras).

No Artigo 8 de Bacharelato. Cada centro educativo, segundo o procedemento establecido no regulamento de centros, establecerá unha oferta equilibrada na mesma porcentaxe de materias comúns, de modalidade e optativas para impartir en galego e en castelán.

O Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, establece que “O bloque de materias de libre configuración autonómica supón o maior nivel de autonomía. Nestas materias, a comunidade autónoma establece os contidos e os estándares de aprendizaxe avaliábeis, os criterios de avaliación e o horario, así como as recomendacións metodolóxicas. Os centros docentes poderán complementar os contidos e configurar a súa oferta formativa, ademais de deseñar e implantar métodos pedagóxicos e didácticos propios, e determinar a carga horaria. Neste bloque encádrase o desenvolvemento curricular da disciplina de **Lingua Galega e Literatura**, competencia exclusiva da Comunidade Autónoma, á que lle corresponde un **tratamento análogo** ao da disciplina de **Lingua Castelá e Literatura**, tratamento que se enmarca dentro do establecido no Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia.

“O desenvolvemento dos currículos das distintas linguas incorpora unha referencia expresa ao plurilingüismo, na medida en que a competencia en cada lingua interactúa e se enriquece co coñecemento das outras linguas, e contribúe a desenvolver destrezas e capacidades que son a base da competencia en comunicación lingüística. Isto, e a alusión igualmente explícita a actitudes interculturais de respecto a diferentes xeitos de expresarse e actuar, promove o desenvolvemento simultáneo do plurilingüismo e da interculturalidade”.

No Artigo 10. Obxectivos da educación secundaria obrigatoria. ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do **patrimonio lingüístico**, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e



cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

Artigo 11. Principios metodolóxicos. 10. Os centros docentes **impartirán de xeito integrado o currículo de todas as linguas da súa oferta educativa, coa fin de favorecer que todos os coñecementos e as experiencias lingüísticas do alumnado contribúan ao desenvolvemento da súa competencia comunicativa plurilingüe**. No proxecto lingüístico do centro concretarase as medidas tomadas para a impartición do currículo integrado das linguas. Estas medidas incluírán, polo menos, acordos sobre criterios metodolóxicos básicos de actuación en todas as linguas, acordos sobre a terminoloxía que se vaia empregar, e o tratamento que se lles dará aos contidos, aos criterios de avaliación e aos estándares de aprendizaxe similares en cada materia lingüística, de xeito que se evite a repetición dos aspectos comúns á aprendizaxe de calquera lingua.

Na Disposición adicional segunda. Aprendizaxe de linguas estranxeiras. 1. “Na impartición de materias en linguas estranxeiras, os centros docentes aplicarán o disposto no capítulo IV do Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia”.



3. ANÁLISE DE NECESIDADES DO CENTRO

O IES Agra de Leborís da Laracha é un centro educativo público no que segue a predominar a presenza de familias que empregan o galego na súa vida cotiá.

O alumnado fala maioritariamente galego en todos os contextos, aínda que se observa unha tendencia a rexeitar o galego formal estandarizado por considerar que o seu galego está influenciado polo castelán. Ademais hai o aumento de poboación diversa doutros entornos (Latinoamérica, China, Marrocos...) que tendo a opción de solicitar a exención da lingua galega durante un período de dous cursos escolares, teñen a obriga de aprender o idioma.

Por outro lado, para coñecer as características do noso centro educativo, dende o ENLG elaborouse unha enquisa para ter datos sobre o profesorado respecto aos seguintes puntos:

- Idioma no que se imparte a materia
- Idioma no que se publican os libros de texto (no caso de empregarse)
- Idioma no que se editan os recursos materiais/dixitais que se emprega nas distintas materias.

Dos resultados obtidos pódese concluír a necesidade de ter en conta non só en que idioma se imparte a materia, senón tamén o relativo aos recursos materiais/dixitais a utilizar (libros de textos, libros de lectura, blogs,...) que poden ser en galego ou castelán.



4. OBXECTIVOS DO PROXECTO

- Garantir a adquisición dunha competencia en igualdade nas dúas linguas oficiais de Galicia.
- Garantir o máximo equilibrio posible nas horas semanais e nas materias impartidas nas dúas linguas oficiais de Galicia, co obxectivo de asegurar a adquisición da competencia en igualdade nelas.
- Adquirir un coñecemento efectivo en lingua/s estranxeira/s, dentro do marco xeral de promoción do plurilingüismo.
- Participar e colaborar coas familias nas decisións que atinxen ao fomento do coñecemento intercultural e pluriligüe.
- Promocionar a dinamización da lingua galega no noso centros educativo.



5. LIÑAS DE ACTUACIÓN XERAIS. REPARTO LINGÜÍSTICO DAS MATERIAS POR ETAPA E CURSO

Durante o curso escolar 2019-2020 realizáronse concrecións no reparto das materias a impartir en lingua galega e en lingua castelá, que se aprobaron posteriormente na programación xeral anual, para ter en conta e incluír neste proxecto lingüístico. Este reparto resolve concretarse en cursos posteriores buscando un maior equilibrio no reparto de materias nas dúas linguas oficiais.

1. Reparto lingüístico das materias para o período dos cursos 2019-2020 ao 2022-2023

En virtude do exposto nos Artigos 7º e 8º do decreto 79/2010, o reparto das materias curriculares nas linguas oficiais nos cursos con implantación da LOMCE é o seguinte, tendo en conta que:

- Impartiranse en **galego** as materias de:
 - Ciencias Sociais, Xeografía e Historia.
 - Ciencias da Natureza.
 - Bioloxía e Xeoloxía.
- Impartiranse en **castelán** as materias de:
 - Matemáticas.
 - Tecnoloxías.
 - Física e Química.



1º ESO					
	MATERIA	Nº HORAS SEMANAIS	LINGUA NA QUE SE IMPARTE	RECURSOS	Total
	BIOLOXÍA E XEOLOXÍA (sempre galego)	4	Galego		13
	XEOGRAFÍA E HISTORIA (sempre galego)	3	Galego		
	LINGUA GALEGA E LITERATURA	4	Galego		
	TITORÍA (sempre en galego)	1	Galego		
	EDUCACIÓN PLÁSTICA	2	Galego		
	LINGUA CASTELÁ E LITERATURA	4	Castelán		11
	MATEMÁTICAS (sempre castelá)	5	Castelán		
	EDUCACIÓN FÍSICA	2	Castelán		
	1ª Lingua estranxeira - INGLÉS	3	Inglés		0
Opcional	2ª Lingua estranxeira - FRANCÉS	2	Francés		0
	2ª Lingua estranxeira - PORTUGUÉS	2	Portugués		
	REFORZO E APOIO (Linguas LG/LC)	2	Castelán/Galego		
	REFORZO E APOIO (MATEMÁTICAS)	2	Castelán		
Opcional	EDUCACIÓN FINANCEIRA	1	Castelán		* SO IMPÁRT ESE UNHA
	PROGRAMACIÓN (sempre castelá)	1	Castelán		
	OBRADOIRO DE MÚSICA	1	Galego		
	PROMOCIÓN DE ESTILOS DE VIDA SAUDABLES	1	Castelán		
	ORATORIA	1	Galego		
Opcional	RELIXIÓN	1	Galego		* SO IMPÁRT ESE UNHA
	VALORES ÉTICOS	1	Galego		



2º ESO					
	MATERIA	Nº HORAS SEMANAIS	LINGUA NA QUE SE IMPARTE	RECURSOS	Porcentaxes
	LINGUA GALEGA E LITERATURA	3	Galego		8
	XEOGRAFÍA E HISTORIA (sempre galego)	3	Galego		
	TITORÍA	1	Galego		
	MÚSICA	2	Galego	Algúns materiais en castelá	
	LINGUA CASTELÁ E LITERATURA	3	Castelán		16
	FÍSICA E QUÍMICA (sempre castelá)	3	Castelán	Algúns materiais en galego	
	MATEMÁTICAS (sempre castelá)	5	Castelán		
	TECNOLOXÍA (sempre castelá)	3	Castelán		
	EDUCACIÓN FÍSICA	2	Castelán		
	1ª Lingua estranxeira - INGLÉS	3	Inglés		0
Opcional	2ª Lingua estranxeira - FRANCÉS	2	Francés		0
	2ª Lingua estranxeira - PORTUGUÉS	2	Portugués		
	REFORZO E APOIO (LINGUAS LC/LC)	2	Galego/Castelán		
	REFORZO E APOIO (MATEMÁTICAS)	2	Castelán		
Opcional	PROMOCIÓN DE ESTILOS DE VIDA SAUDABLES	1	Castelán		* SO IMPÁRTESE UNHA
	IGUALDADE DE XÉNERO	1	Galego		
	ORATORIA	1	Galego		
	EDUCACIÓN FINANCIERA	1	Castelán		
	PROGRAMACIÓN (sempre castelá)	1	Castelán		
Opcional	RELIXIÓN	1	Galego		* SO IMPÁRTESE UNHA
	VALORES ÉTICOS	1	Galego		



3º ESO					
	MATERIA	Nº HORAS SEMANAIS	LINGUA NA QUE SE IMPARTE	RECURSOS	Total
	BIOLOXÍA E XEOLOXÍA (sempre galego)	2	Galego		11
	XEOGRAFÍA E HISTORIA (sempre galego)	3	Galego		
	LINGUA GALEGA E LITERATURA	3	Galego		
	TITORÍA	1	Galego		
	EDUCACIÓN FÍSICA	2	Galego		
	FÍSICA E QUÍMICA (sempre castelá)	2	Castelán	Algúns materiais en galego	11
	LINGUA CASTELÁ E LITERATURA	3	Castelán		
Opcional	MATEMÁTICAS APLICADAS (sempre castelá)	4	Castelán		
	MATEMÁTICAS ACADÉMICAS (sempre castelá)	4	Castelán		
	TECNOLOXÍA (sempre castelá)	2	Castelán		
Opcional	EDUCACIÓN PLÁSTICA BILINGÜE	2	Inglés		0
	EDUCACIÓN PLÁSTICA NON BIL.	2	Castelán		
Opcional	MÚSICA BILINGÜE	2	Inglés		
	MÚSICA NON BIL.	2	Castelán		
	INGLÉS	3	Inglés		0
Opcional	2ª LINGUA FRANCÉS	2	Francés		
	CULTURA CLÁSICA	2	Galego		
Opcional	RELIXIÓN	1	Galego		* SO IMPARTE SE UNHA
	VALORES ÉTICOS	1	Galego		



4º ESO					
	MATERIA	Nº HORAS SEMANAIS	LINGUA NA QUE SE IMPARTE	RECURSOS	Total
	BIOLOXÍA E XEOLOXÍA (sempre galego)	3	Galego		12
	XEOGRAFÍA E HISTORIA (sempre galego)	3	Galego		
	LINGUA GALEGA E LITERATURA	3	Galego		
	EDUCACIÓN FÍSICA	2	Galego		
	TITORÍA	1	Galego		
	FÍSICA E QUÍMICA (sempre castelá)	3	Castelán	Algúns materiais en galego	16
	LINGUA CASTELÁ E LITERATURA	3	Castelán		
Opcional	MATEMÁTICAS ACADÉMICAS (sempre castelá)	4	Castelán		
	MATEMÁTICAS APLICADAS (sempre castelá)	4	Castelán		
	TECNOLOXÍA (sempre castelá)	3	Castelán		
	EDUCACIÓN PLÁSTICA	3	Castelán		
	INGLÉS	3	Inglés		0
	2ª LINGUA FRANCÉS	3	Francés		0
Opcional	CIENCIAS APLICADAS Á ACTIVIDADE PROFESIONAL	3	Castelán	Algúns materiais en galego	
	LATÍN	3	Galego	Algúns materiais en castelán	
	INICIACIÓN Á ACTIVIDADE EMPREENDEDORA E EMPRESARIAL	3	Castelán		
	MÚSICA	3	Galego		
	ECONOMÍA	3	Castelán	Algúns materiais en galego	
	TECNOLOXÍA DA INFORMACIÓN E DA COMUNICACIÓN	3	Castelán		
	CULTURA CIENTÍFICA	3	Galego	Algúns materiais en castelán	
	FILOSOFÍA	3	Galego		
Opcional	RELIXIÓN	1	Galego		* SO IMPÁR TESE UNHA
	VALORES ÉTICOS	1	Galego		



No Artigo 8 de Bacharelato do Decreto 79/2010. Cada centro educativo, segundo o procedemento establecido no regulamento de centros, establecerá unha oferta equilibrada na mesma porcentaxe de materias comúns, de modalidade e optativas para impartir en galego e en castelán.

1º BACHARELATO					
TIPOLOXÍA	MATERIA	HORAS	IDIOMA	RECURSOS	OBSERVACIÓNS
TRONCAIS	Lingua Galega	3	Galego		
	Lingua Castelá	3	Castelán		
	Filosofía	3	Galego		
	Educación Física	2	Galego		
	Inglés	3	Inglés		
	Francés	3	Francés		
TRONCAL DE MODALIDADE CIENCIAS	Matemáticas I	4	Castelán		
TRONCAIS DE OPCIÓN - CIENCIAS	Bioloxía e xeoloxía	4	Galego		
	Física e química	4	Castelán		
	Debuxo técnico I	4	Castelán		
TRONCAL DE MODALIDADE HUMANIDADES	Latín I	4	Galego	Galego e castelá	
TRONCAIS DE OPCIÓN Modalidade de Humanidades	Grego I	4	Galego	Galego e castelá	
	Historia do mundo contemporáneo	4	Galego		
	Literatura Universal	4	Castelán		
TRONCAL DE MODALIDADE CIENCIAS SOCIAIS	Matemáticas aplicadas ás ciencias sociais I	4	Castelán		
TRONCAIS DE OPCIÓN	Economía	4	Castelán	Algúns materiais en galego	
	Historia do mundo	4	Galego		



Modalidade de Ciencias Sociais	contemporáneo				
	Literatura Universal	4	Castelán		

ITINERARIOS ESPECÍFICOS	MATERIAS	HORAS	IDIOMA	RECURSOS	OBSEVACIÓNS
1 Ciencias naturais e da saúde	Anatomía Aplicada	3	Galego		
	Cultura científica	2	Galego		
	Tecnoloxía da información e comunicación I	2	Castelán		
	2ª lingua estraxeira	2	Francés		
	Robótica	2	Castelán		
	Relixión	1	Galego		
	Proxectos en equipo	1	Galego		
	Ingrodución á lingua e cultura portuguesa	1	Portugués		
	Obradoiro de destrezas orais en inglés I	1	Inglés		
2 Ciencias e enxañería	Tecnoloxía Industrial I	3	Castelán		
	Cultura científica	2	Galego		
	Tecnoloxía da información e comunicación I	2	Castelán		
	2ª lingua estraxeira	2	Francés		
	Robótica	2	Castelá		
	Relixión	1	Galego		
	Proxectos en equipo	1	Galego		
	Ingrodución á lingua e cultura portuguesa	1	Portugués		
	Obradoiro de destrezas orais en inglés I	1	Inglés		
3 Ciencias sociais e humanidades	Debuxo artístico I	3	Castelán		Elexir unha
	Linguaxe e práctica musical	3	Galego		
	Cultura científica	2	Galego		
	Tecnoloxía da información e comunicación I	2	Castelán		



	2ª lingua estraxeira	2	Francés		
	Robótica	2	Castelán		
	Relixión	1	Galego		
	Proxectos en equipo I	1	Galego		
	Ingrodución á lingua e cultura portuguesa	1	Portugués		
	Obradoiro de destrezas orais en inglés I	1	Inglés		



2º BACHARELATO – OPCIÓN I e II					
TIPOLOXÍA	MATERIA	HORAS	IDIOMA	RECURSOS	OBSERVACIÓN S
TRONCAIS	Lingua Galega	3	Galego		
	Lingua Castelá	3	Castelán		
	Historia de España	3	Galego		
	Inglés	3	Inglés		
	Francés	3	Francés		
TRONCAL DE MODALIDADE CIENCIAS	Matemáticas II	4	Castelán		
TRONCAIS DE OPCIÓN - CIENCIAS	Bioloxía	4	Galego		
	Xeoloxía	4	Galego		
	Física	4	Castelán		
	Química	4	Castelán		
	Debuxo técnico II	4	Castelán		
TRONCAL DE MODALIDADE HUMANIDADES	Latín II	4	Galego	Galego e castelá	
TRONCAIS DE OPCIÓN Modalidade de Humanidades	Historia de filosofía	4	Galego	Galego e castelá	Obrigatoria
	Grego II		Galego	Galego e castelá	
	Historia da Arte	4	Galego		
	Xeografía	4	Galego		
TRONCAL DE MODALIDADE CIENCIAS SOCIAIS	Matemáticas aplicadas ás ciencias sociais II	4	Castelán		
TRONCAIS DE OPCIÓN Modalidade de Ciencias Sociais	Historia da filosofía	4	Galego	Galego e castelá	Obrigatoria
	Economía da empresa	4	Castelán	Algúns materiais en galego	
	Historia da Arte	4	Galego		
	Xeografía	4	Galego		



2º BACHARELATO MATERIAS ESPECÍFICAS – OPCIÓN I				
MATERIAS	HORAS	IDIOMA	RECURSOS	OBSEVACIÓNS
Historia da Filosofía	4	Galego		Para as tres modalidades
Historia da música e da danza	3	Galego		
Ciencias da terra e do medio ambiente	3	Galego		
Debuxo artístico II	3	Castelán		
Fundamentos da administración e xestión	3	Castelán	Algúns materiais en galego	
Psicoloxía	3	Galego		
2ª Lingua estranxeira Francés	3	Francés		
Tecnoloxía industrial II	3	Galego		
Tecnoloxía da información e comunicación II	3	Castelán		
Educación física: vida activa e saudable				
Educación física: vida activa e saudable	1	Galego		
O mundo da lusofonía	1	Portugués		
Proxectos en equipo II	1	Galego/ Castelán		Depende do Departamento que o imparta (Tecnoloxía/ Física e Química)
Obradoiro de destrezas orais en inglés II	1	Inglés		
Relixión	1	Galego		



2º BACHARELATO MATERIAS ESPECÍFICAS – OPCIÓN II				
MATERIAS	HORAS	IDIOMA	RECURSOS	OBSEVACIÓNS
Historia da música e da danza	3	Galego		
Ciencias da terra e do medio ambiente	3	Galego		
Debuxo artístico II	3	Castelán		
Fundamentos da administración e xestión	3	Castelán	Algúns materiais en galego	
Psicoloxía	3	Galego		
2ª Lingua estranxeira Francés	3	Francés		
Tecnoloxía industrial II	3	Castelán	Algúns materiais en inglés	
Tecnoloxía da información e comunicación II	3	Castelán		
Literatura galega do século XX e actualidade	2	Galego		
Métodos estatísticos e numéricos	2	Castelán		
Patrimonio artístico e cultural de Galicia	2	Galego		
Xeografía e historia de Galicia	2	Galego		
Electrotecnia	2	Galego/ Castelán		Depende do Departamento que o imparta (Tecnoloxía/ Física e química)

Observacións da comisión: Respecto ás materias troncais obrigatorias e troncais de opción de cada modalidade manteñen un certo equilibrio entre o galego e castelán, que pode ser descompesando na elección da optividade de materias específicas por parte do alumnado.



6. LIÑAS DE ACTUACIÓNS ESPECÍFICAS. EQUIPO DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA

O equipo de dinamización da lingua galega coordinado pola profesora María Josefa Rey Vilas, se concreta cada curso escolar e forma parte da programación xeral anual.

Nesta concreción con proxecto de normalización lingüística búscase a posta en marcha de todo tipo de actividades formativas e pedagóxicas para o fomento do uso da lingua galega por parte de toda a comunidade educativa.

Cada curso escolar deseñaranse un programa de actividade que terá en conta datas específicas de celebración do Día das Letras Galegas, actividades do fomento do galego, entre outras, en coordinación cos Equipos de Dinamización da Lingua Galega, da Consellería de Cultura, Educación e Universidade.



7. RECURSOS

HUMANOS:

Toda a comunidade educativa.

En especial a comisión redactora deste proxecto formado por:

Xefas/as de Departamentos	Nome e apelidos
Lingua galega e literatura	Ana Cordeiro Souto
Lingua castelá e literatura	Margarita Fernández Iglésias
Inglés	María del Mar Gómez Ures
Francés	Fabián Otero Rabuñal
Latín	M. ^a Jesus Méndez Nóvoa
Coordinadora do EDLG	M. ^a Josefa Rey Vilas
Directora	Marta de Jesús Martínez Suárez

MATERIAIS:

Materiais e recursos educativos en papel e dixital. Coordinación con distintas entidades educativas e sociais para o fomento da lingua galega, dende o concello, a Consellería e outras entidades.

ORGANIZATIVOS:

Durante catro cursos escolares, coas concrecións establecidas cada curso escolar incluídas nas PXA.



8. AVALIACIÓN

CRITERIOS DE AVALIACIÓN:

Comprobar que se conseguiron acadar os obxectivos do proxectos, entre os que se relacionan:

- Garantiuse a adquisición dunha competencia en igualdade nas dúas linguas oficiais de Galicia.
- Garantiuse o máximo equilibrio posible nas horas semanais e nas materias impartidas nas dúas linguas oficiais de Galicia, co obxectivo de asegurar a adquisición da competencia en igualdade nelas.
- Adquiriuse un coñecemento efectivo en lingua/s estranxeira/s, dentro do marco xeral de promoción do plurilingüismo.
- Participouse e colaborouse coas familias nas decisións que atinxen ao fomento do coñecemento intercultural e pluriligüe.
- Promocionouse a dinamización da lingua galega no noso centros educativo.

PROCEDEMENTOS:

- Mediante o rexistro das campañas de concienciación e senibilización a toda a comunidade educativa.
- Na concreción e rexistro da realización de actividades e coordianción co equipo da biblioteca.
- No rexistro e valoración da posta en marcha de actividades específicas no plan de acción tutorial e os distintos departamentos didácticos.
- Na realización de actividades complementarias e extraescolares específicas en coordinación coa vicedirección.

INSTRUMENTOS:

- Segundo a normativa específica en canto ao deseño, implementación e valoración do proxecto



- Recursos materiais e dixitais específicos para valorar o proxecto: folla de rexistro, cartafol con actividades, enquisas, entre outras

PROPOSTAS DE MELLORA:

- Estableceranse cada curso escolar revisada a consecución dos criterios de avaliación segundo a consecución dos obxectivos deste proxecto lingüístico.